

Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional da CIG-Autonómica, con DI 32815792J, co enderezo para os efectos de notificación indicado na cabeceira deste escrito e preferente no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes alegacións ao

PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECE O REINICIO DA ACTIVIDADE PRESENCIAL DOS ARQUIVOS, MUSEOS E BIBLIOTECAS DE XESTIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E SE ESTABLECEN MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE AO COVID-19 (v12.05.2020)

Segundo a entrada do propio documento di que este Protocolo ten como obxectivo establecer as pautas e fases para o reinicio das actividades dos centros culturais públicos (arquivos, museos e bibliotecas) de xestión da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Polo tanto, non debe nin pode substituír a fase preliminar e seguintes da Resolución do 8 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galiza, do 8 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 ratificado pola nosa organización sindical.

Tampouco pode pretender substituír ás Avaliacións de riscos laborais ao COVID19 que se deben facer en cada centro de traballo destas características.

Así, atopámonos cun texto que parece que pretende facer estas dúas cuestións atrevéndose a xeneralizar e abranguer centros diferentes polo seu uso (bibliotecas e museos por exemplo), pola afluencia de usuarios/as ou pola súa conformación espacial e das funcións que realiza o persoal traballador.

Para a CIG é esencial facer unha avaliación individual coas ferramentas xa reguladas e antes citadas (Avaliación de riscos laborais e fase preliminar do Protocolo xeral) que apoiadas co Servizo de Prevención de Riscos Laborais e coa participación da representación do persoal e dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral **aseguren a apertura co mínimo risco posible.**

Parece que na Xunta empregando a ferramenta dos protocolos específicos se quere substituír as prescricións legais e do Protocolo xeral asinado na vez de complementalas. *Aquí o lóxico sería facer un planeamento específico para a limpeza das bibliotecas por exemplo xa que todas teñen material común que protexera ao persoal usuario no contacto cos elementos de consulta.*

Rexeitamos unha incorporación a actividade improvisada e apresurada. É evidente que pode prepararse para a apertura ao público con maior facilidade nun museo de exposición non interactivo que nunha biblioteca con acceso libre a materiais e documentación. Para a CIG **é unha temeridade e inconsciencia tratar a todos os centros co mesmo criterio.**



Confederación Intersindical Galega – CIG-Autónomica
Edif. Administrativo San Caetano – 15781 Santiago de Compostela
www <http://autonomica.cigadmon.gal>
telegram <http://t.me/cigautonomica>
twitter @CIGAautonomica
facebook CIG Autonomica



Hai que valorar a conformación dos espazos, o número de traballadores e traballadoras coincidentes nos postos, a ventilación natural e o mantemento e tipoloxía dos sistemas de ventilación forzada, o tipo e número de persoas usuarias das instalacións (idade, grupos organizados con monitor ou guía, ou acceso libre..) e o seu fluxo dentro dos espazos, accesos, servizos, etc. son diferentes para cada centro e deben tratarse e avaliarse especificamente co seu planeamento preventivo.

Así este documento ten cuestións como:

-Non se determina a capacidade dos edificios que regula este protocolo para ter clara a porcentaxe de entrada de persoas admitidas e o seu sistema de control de acceso.

-Que deben ser ao menos dúas o número de limpeza mínimas de todas as superficies (ao remate e comezo de cada quenda) en coherencia con outras instrucións preventivas xa implementadas pola Xunta (exemplo rexistros e atención ao público).

-Que se avalíe ou xustifique, no seu caso, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da xunta o uso das taquillas de bibliotecas, arquivos e museos, porque non está clara a vantaxe de prescindir do seu uso.

Polo que,

Solicito:

-A **Avaliación de riscos laborais ao COVID19 de cada centro** de traballo en base as súas características específicas e a realización previa das medidas previstas no seu plan de acción por posto de actividade antes da apertura a público e por suposto da incorporación presencial do persoal.

-A **negociación individual do proceso de reapertura de centros** unha vez teñamos as condicións de seguridade e saúde garantidas ou planificadas.

Compostela, 14 de maio de 2020

Asdo. Zeltia Burgos Tortosa

Consellería de Cultura e Turismo
Edificios administrativos - San Caetano, s/n -
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 545 400 - Fax: 981 545 443